

## CONCURSOS DE TRASLADOS ESCALAS SPIF: APERTURA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES ELECCIÓN DE POSTOS PROCEDIMIENTO XUSTIFICACIÓN MÉRITOS E REQUISITOS

Santiago de Compostela 31/01/25

Publicada hoxe a [Resolución pola que se acorda a apertura de presentación de solicitudes de elección de postos de traballo e o procedemento da xustificación de posesión de méritos e requisitos do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes de corpos e escalas de Administración especial da Administración xeral, escalas de prevención e defensa contra incendios forestais.](#)

### PRAZO:

**15 días hábiles a partir do 01/02/2025:  
desde o 3 ao 21 de febreiro.**

### SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTOS:

- Podes **solicitar por orde de preferencia** os postos ofertados no **anexo I da resolución de convocatoria** modificada pola Resolución do 5 de decembro de 2023 (DOG núm. 233, do 11 de decembro) e corrección de erros (DOG nº 237, do 15 de decembro), aos cales **se engadirán as potenciais resultas** consecuencia das solicitudes de participación presentadas.
- A **relación de postos ofertados en resultas** publicárase na web corporativa da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, no enderezo:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/concursode-traslados>

- A **solicitud** de postos de traballo **deberá** presentarse **electronicamente**.
- **Entenderase que renuncias a participar** no concurso **si formulaches unha solicitud de participación** pero **non presentas unha solicitud de elección de postos** de traballo.

### PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS E REQUISITOS:

- Os **méritos e requisitos específicos** para o acceso aos postos **debes posuílos** na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso: **22/12/2023**.
- **Debes acreditarlos** seguindo o procedemento que establece a **Resolución do 05/12/2023**. **Non se terán en conta os que non se presenten seguindo ese procedemento**.



- A **acreditación** da posesión do **requisito** indispensable Proba física **pack test** indicado nalgún dos postos ofertados **xustificarse** mediante a **superación da proba física** correspondente. Serán **convocadas** á realización desta proba as persoas solicitantes deses postos, mediante convocatoria que será publicada no **DOG**.
- **Si tes que presentar documentación acreditativa** dos méritos valorables debes **achegala** ao teu expediente persoal electrónico: <https://fides.xunta.gal>:
  - a) No suposto de que esteas **conforme cos datos consultados: non precisas facer nada**.
  - b) No suposto de que **non esteas conforme** cos datos consultados por non constaren ou estaren incompletos **debes incorporar a información non rexistrada** presentando a **solicitude de actualización** de méritos xunto coa documentación acreditativa ao abeiro do establecido na **Resolución do 5 de decembro de 2023**.
  - c) Si **non tes recollido no teu expediente** electrónico persoal **algún período da túa experiencia profesional interna** na Xunta de Galicia **ou** que atope **erros** nos teus méritos **nos estados** de «**en trámite**», «**validado**», «**duplicado**» ou «**descartado**», podes presentar **alegacións** a través do **formulario** de reclamacións na páxina <https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados>, que deberá cubrirse e presentarse electronicamente.
  - d) Os **méritos** que a **31/01/2025** se atopen incorporados no expediente electrónico no estado «**acreditación documental incompleta**», **deberán ser acreditados** para poderen ser tidos en conta.
- **Para acreditar os méritos**, presentarás a **documentación que xustifique a totalidade do mérito rexistrado**, do xeito establecido nos puntos 3 e 4 da instrución oitava da Resolución do 5 de decembro de 2023. Isto é:
  - se posúes **documentos electrónicos orixinais ou copias electrónicas auténticas**, incorporaras **directamente no teu expediente** electrónico persoal a través do enderezo <https://fides.xunta.gal> ou
  - cando os **documentos orixinais figuren en formato papel**, presentarás a **documentación e o informe xerado no Fides**, na **pestaña de actualización de méritos**, de maneira **presencial** en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015.
- **O prazo** para presentar a **solicitude de actualización de méritos e a documentación acreditativa** deles, para formular **alegacións** ou para **emendar** o estado de «**acreditación documental incompleta**», rematará o **21 de febreiro de 2025**.
- Os **méritos e os requisitos** reflectidos no expediente electrónico persoal no estado «**validado**» serán os que teña en conta a Comisión de Valoración do concurso e sempre **referidos a 22 de decembro de 2023**.



- **Non se terán en conta** neste proceso **outros méritos** presentados polas persoas concursantes **distintos** dos que figuren no seu **expediente** persoal electrónico ou que se soliciten no expediente ou acrediten documentalmente con **posterioridade ao 21 de febreiro de 2025**.
- Por se tratar dun procedemento de concorrencia competitiva **non se admitirá, despois de rematado o prazo de acreditación de méritos** e para os efectos da súa valoración neste proceso, **ningunha nova documentación acreditativa de méritos**, aínda que consten rexistrados na solicitude de actualización ou modificación do expediente persoal. **Exceptúase** aquela **documentación** que, xustificándoa documentalmente neste mesmo prazo, **fose solicitada** pola persoa interesada ao organismo ou entidade competente e **non se recibise no indicado prazo**. Neste suposto **admitirase** a súa presentación **ata o momento da finalización do prazo para a presentación de reclamacións ás puntuacións provisionais**.

